

## II Xornadas Anuais de Cooperación

O 17 de novembro en Arteixo celebráronse as II Xornadas Anuais de Cooperación e Solidariedade, baixo o lema "Retos e oportunidades da cooperación galega". O Fondo Galego reuniu, un ano máis, aos distintos actores e axentes da cooperación en Galicia para compartir e debater, entre todos, o momento actual que vive a nosa cooperación. Para iso propuxéronse dous temas: os recursos e a calidade.

Intervíñeron nas xornadas: Fabiola Sotelo Sotelo, directora xeral de Cooperación Exterior; Xosé Cuns Traba e Beatriz Villanueva Pena, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior; Xosé María Torres e Emilio Martínez Rivas, en representación da Coordinadora Galega de ONGDs e as ONGDs; Enrique Peña Gonzalez e Nieves Lagares, en representación das Universidades; Gianluca Vignola, director do PNUD en Roma; Xosé María Permuy, da Executiva do Fondo Galego; e Iria Alonso Casares, da Secretaría Técnica do Fondo Galego.

A xeito de conclusións, compre salientar a valoración positiva do compromiso do aumento dos orzamentos, sen esquecerse, sen embargo, da pertinencia da xeración de recursos propios, da innovación e da investigación. Outro eixo foi a calidade como reto, para a cal se precisa unha maior coordinación, profesionalización, visualización, xestión de calidade e especialización dos distintos actores da cooperación.

## ART-Tsunami: encontro con Gianluca Vignola

Un ano despois do tsunami, o Fondo Galego convidou a Gianluca Vignola, coordinador do Programa ART-Tsunami Sri Lanka, para que coñecera o Fondo Galego e intercambiara impresións sobre a marcha do programa ART-Tsunami. Neste programa participan aqueles concellos que contribuíron coas súas achegas á conta de emerxencia habilitada para apoiar as vítimas do tsunami do 26 de decembro do 2004.

O Fondo Galego xunto co Fons Catalá, Fondo Andaluz, Fondo Extremeño e a cooperación descentralizada italiana son os impulsores deste novo enfoque do

PNUD. A estratexia ART é un novo instrumento baseado na constitución de redes territoriais na que os entes locais xogan un papel fundamental no desenvolvemento das súas comunidades.

## Seminario "Enfoque de xénero na cooperación municipalista galega"

O 24 de novembro no Concello de Caldas de Reis tivo lugar o seminario "O Enfoque de xénero na cooperación municipalista galega". A crecente conciencia de que o desenvolvemento non é posible se as mulleres non participan en pé de igualdade, levounos a preparar este seminario no que a través do análise das intervencións apoiadas polo Fondo Galego nos últimos anos, avaliamos a incorporación dos obxectivos de empoderamento das mulleres e a mellora de equidade cos homes.

## Frei Betto: "A lóxica do mundo é asasina e cruel"

Con estas palabras, Frei Betto abriu a conferencia celebrada no Concello de Vigo o 7 de novembro. A visita deste frade dominicano brasileiro, ex asesor de Lula e pai do **Programa Fome Zero**, tivo unha excelente acoillida, despertando grande interese da cidadanía galega.

Durante a súa estancia en Galicia, Frei Betto impartiu dúas conferencias, a primeira en Vigo onde foi recibido pola alcaldesa e a concelleira de Benestar Social, e a segunda en Santiago, na Facultade de Ciencias políticas. A súa presenza nesta cidade histórica aproveitouse para manter diferentes encontros coa directora xeral de Cooperación Exterior, cos distintos portavoces dos grupos parlamentarios e tamén con representantes do mundo da cultura galega.

Cunha traxectoria vital marcada polo seu compromiso social, Frei Betto repasou as cifras da vergoña do século XXI, as cifras que a día de hoxe revelan que a fame continúa sendo a primeira causa de morte mundial. Realidade difícil de entender cando sabemos que sobran recursos económicos e humanos para acabar con este tipo de inxustiza social e violencia estrutural, que nega as condicións mínimas de desenvolvemento.

mento humano; como exemplo ilustrativo desta realidade destacou que “coa metade do que gasta EEUU nun ano en armas erradicaríamos a fame no mundo”.

## O Sur tamén existe

Os días 26 e 31 de outubro, visitounos **Juan Alberto Castillo**, técnico social da Asociación de Municipios da poboación garifuna de Honduras, que colabora con Solidariedade Internacional na “*Mellora integral das condicións de vida das comunidades da liña costeira oriental do Municipio de Balfate*”, proxecto que na actualidade financia o Fondo Galego. Juan Alberto impartiu dúas conferencias nos concellos de Gondomar e Noia para falar da realidade dos garifunas en Honduras e en que medida o proxecto está contribuíndo á integración desta comunidade na sociedade hondureña. Aproveitando a súa presenza en Galicia, foi convidado a participar na xuntanza da Rede Municipal Solidaria que reuniu aos concellos do Fondo Galego da provincia de Lugo o 27 de outubro.

Por outra banda, tamén a mediados de outubro, contamos coa visita de **Clarice Aparecida dos Santos**, coordinadora de educación do MST de Brasil, un dos movementos sociais máis importantes de América. No 2004 o Fondo Galego apoiou economicamente o proxecto presentado pola ONGD Amarante “*Dotación de medios de transporte ás organizacións campesiñas do MST de Piauí*”, co que se pretendía contribuír e acrecentar a capacidade institucional, organizativa e loxística do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Estado de Piauí. Clarice visitou o Concello de Cangas co fin de intercambiar experiencias sobre o traballo que esta muller desenvolve no Brasil.

## Proxectos en Guatemala

• **Construción dunha casa de acollida para menores en alto risco social.** *Ano:* 1998. *ONG:* Arquitectos Sen Fronteiras. *Contraparte local:* Fundaniños. *Localización:* Granxa El Maraño, pertencente á aldea Aguacaliente do municipio de San Antonio La Paz, departamento de El Progreso. *Área sectorial de actuación:* infraestruturas e servizos sociais. *Proxecto:* construción dunha casa para albergar a uns 28 menores e dous adultos ao seu cargo. *Obxectivo xeral:* dar aloxamento, coidado e protección a nenas e nenos que pertencen a familias desestruturadas, en alto risco de exclusión social, así como ofrecerlles estudos e capacita-

ción profesional para que podan abandonar a situación de marxinalidade na que se atopan. *Montante do proxecto:* 17.113.975 pta (102.857,06 euros). *Aportación do Fondo:* 2.336.565 pta (14.043,04 euros).

• **Construción dunha ponte.** *Ano:* 2000. *Contraparte:* Incide (cooperación directa). *Localización:* comunidade da Colonia Santiaguito, municipalidade de El Estor, departamento de Izabal. *Área sectorial de actuación:* infraestruturas e mellora das comunicacións. *Proxecto:* construción dunha ponte vehicular na comunidade da Colonia de Santiaguito. *Obxectivo xeral:* a construción desta infraestrutura elemental permitiu acadar unha mellora substancial na organización e desenvolvementos das comunidades circundantes, posibilitando a comunicación entre elas. *Montante do Proxecto:* 5.000.000 pta (30.050,61 euros). *Aportación do Fondo:* 2.500.000 pta (15.025,30 euros).

• **Compra de silos de almacenaxe de grans básicos.** *Ano:* 2001. *Contraparte:* Mama Maquin (cooperación directa). *Localización:* comunidade Nueva Libertad, municipio Fray Bartolomé de las Casas, departamento de Alta Verapaz. *Área sectorial de actuación:* infraestruturas e xénero. *Proxecto:* compra de silos de almacenaxe para mulleres traballadoras na Cooperativa integral “El Nuevo Amanecer”, de tal xeito que podan almacenar os grans básicos que producen e vender aqueles que non dirixan ao autoconsumo. *Obxectivo xeral:* promover o desenvolvemento económico da comunidade a través da comercialización do gran e, especialmente, contribuír á mellora da autonomía das mulleres da comunidade. *Montante do proxecto:* 1.344.000 pta (8.077,60 euros). *Aportación Fondo:* 1.344.000 pta (8.077,60 euros).

• **Construción dun sumidoiro sanitario na aldea de San Juan de Dios.** *Ano:* 2002. *Contraparte:* Incide (Iniciativa Civil para a Democracia). *Localización:* aldea San Juan de Dios, municipalidade de San Francisco, departamento de Petén. *Beneficiarias/os:* poboación de 640 persoas, todas dedicadas á agricultura. *Área sectorial de actuación:* infraestruturas. *Proxecto:* construción dun sumidoiro sanitario en beneficio da aldea San Juan de Dios e as súas comunidades veciñas. *Obxectivo xeral:* mellorar a calidade de vida e condicións hixiénicas dos e das habitantes, reducindo un dos focos de contaminación máis frecuente nas áreas rurais do país. *Montante:* 82.373,21 euros. *Aportación do Fondo:* 20.593,30 euros. *Cofinanciación:* Consellería de Emigración e Cooperación Exterior da Xunta de Galicia.